



Talabarte

Un novo concepto de formación en Galicia, estrictamente acústico e baseado na música tradicional.

Neste proxecto únense tres músicos indispensables dentro da escena musical galega, o violino de Quim Farinha, o acordeón diatónico de Pedro Pascual e o contrabaixo de Kin García . Xuntos propoñen unha viaxe a través das músicas populares de Galicia e de outras latitudes. O repertorio complétase con composicións propias. Todo isto aliñado con distintos enfoques estéticos que van desde a linguaxe do jazz pasando polo tango ata a tradición musical europea.

Provintes de bandas como Berrogüetto, Marful ou Susana Seivane Grupo, contemporaneidade e tradición xuntas nun concerto diferente , sen deixar de mover os pés nen deixar indiferentes ós sentidos.

QUIM FARINHA | A finais dos anos 80 e principios dos 90, formou parte dalgunhas das formacións folc máis relevantes do momento como Dhais, Xorima ou Fía na roca. Realizou distintas colaboracións discográficas con diferentes artistas galegos como: Uxía, Anubía, Mugardos, Pepe Vaamonde grupo, Leilía, Malvela, Marful, entre outros. O seu proxecto máis estable e importante na actualidade é o grupo Berrogüetto, cunha traxectoria xa recoñecida dentro e fora das nosas fronteiras. Outros proxectos de pequeno formato van desde a bossa ata o folc-improvisación, como Talabarte ou Sol de Farofa. Como violinista, compre destacar o seu traballo de recuperación deste instrumento na música tradicional, baseándose na dixitación e repertorio propio da gaita galega.

KIN GARCÍA | Comeza a súa formación musical no Conservatorio de Santiago de Compostela aos nove anos, trasladándose máis tarde ao Conservatorio de A Coruña para estudar percusión e contrabaixo ata os dezoito anos. A súa afección polo jazz lévao a colaborar, entre outros, con músicos como Alberto Conde ou Cuchús Pimentel. No ámbito do jazz galego traballa asiduamente con Nani García, Alberto Conde, Carmen Rey, Eva Lioréns, Fernando Llorca, Roberto Somoza e Carlos López entre outros. No ámbito do folc participa en diversos proxectos como Berrogüetto, Capercaillie, Dulce Pontes, Espiritu 986, Filipa Pais, Jivan Gasparian, João Afonso, Marcos Teira, Rodrigo Romaní, Susana Seivane, Uxía Senlle ou Crema de gaita.

PEDRO PASCUAL | Dende moi novo comeza o seu contacto coa música galega descubriendo posteriormente outras músicas coma o jazz ou as músicas do mundo. A súa formación é autodidacta. Pero ten asistido a cursos con importantes músicos como Kepa Junkera, Stephane Mllet , Löig Troel ou Jannick Martin. Está directamente ligado a proxectos como Laio, Nuke Trío (con Germán Díaz) Marful (con Uxia Pedreira e Marcos Teira), Ao Pe da Letra (xunto a Guadi Galego, Narf, Xavier Díaz,...), Descarga ao vivo (con músicos cubanos e galegos). Ademais de ter acompañado, en gravacións e en directo, a notables solistas do panorama das músicas tradicionais como Leilía, Uxía Senlle, Xosé Manuel Budiño ou María Salgado, xa traballou xunto a importantes músicos como: Jacky Molard, Soig Sibèril, Donal Shaw, Värtina, Kepa Junkera, Jorge Drexler e un longo etcétera.

| Discografía |

[Talabarte \(2011\)](#)

| Ligazóns de interese |

Web: <http://www.nonsi.es/talabarte.html>

Myspace: <http://www.myspace.com/talabarte>